



Concello da Pobra do Caramiñal

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA DE BIORRESIDUOS

Nome e apelidos:

Documento de identificación:

Enderezo:

Teléfono:

Correo electrónico:

Superficie aproximada da parcela:

Número de persoas que compoñen a unidade familiar:

Forma de inscrición: a través do rexistro, preferibelmente o telemático

Prazo de inscrición: durante todo o ano 2021

Requisitos de participación:

- Dispor dunha área exterior (xardín, horta) cunha superficie mínima de 25 m².
- Poderán participar tódalas parroquias da Pobra do Caramiñal.
- Que esa área pertenza ó domicilio habitual.

Criterios de selección:

- Número de persoas que residen no domicilio habitual, coa seguinte puntuación: 1 punto para domicilios con 3 residentes ou menos, 2 puntos para domicilios con 4 ou 5 residentes, e 3 puntos para domicilios de 6 ou máis residentes.
- Que sexa a vivenda habitual: darase 1 punto en caso afirmativo.
- No caso de empate resolverase por un sorteo.

Compromisos da persoa solicitante:

A persoa solicitante comprométese, no caso de ser elixida, a seguir as pautas marcadas polo programa de compostaxe doméstica de biorresiduos do Concello da Pobra do Caramiñal, así como a asistir ó relatorio preparatorio sobre a compostaxe, e a facilita-lo seguimento da compostaxe no seu domicilio.

De acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 (RXPDP), relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes, o Concello da Pobra do Caramiñal, como **responsábel do tratamento** de datos, infórmao/a de que tódolos datos solicitados, de carácter obrigatorio, son tratados de maneira lícita, leal e transparente, de acordo coa finalidade e da forma o máis exacta posíbel, garantindo a integridade e confidencialidade deles, así como a súa minimización.

Finalidade do tratamento: valoración desta solicitude e, de se-lo caso, a participación no programa da compostaxe de biorresiduos do Concello da Pobra do Caramiñal.

Lexitimación: 6.1.e) RXPDP: o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada polo interese público ou no exercicio de poderes públicos. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Criterios de conservación dos datos: conservaranse durante o período de tempo que perdura a actividade e para determina-las posíbeis responsabilidades que se puideren derivar, con relación á finalidade e tratamento dos datos. Durante a conservación aplicarase a normativa de arquivos e documentación e, cando xa non for necesario conservalos, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas.

Comunicación dos datos: non se comunicarán os datos a terceiras persoas, salvo unha obriga legal e fóra dos casos estritamente necesarios de acordo coa finalidade do tratamento.

Dereitos que asisten a persoa interesada: dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ó seu tratamento, que pode exercitalos dirixíndose ó organismo que ten responsabilidade no tratamento, na rúa Gasset, 28, 15940, A Pobra do Caramiñal (A Coruña). Correo: medioambiente@apobra.gal. Ademais, ten dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control (www.aepd.es) se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

Na Pobra do Caramiñal, ____ de _____ de 2021
Sinatura da persoa solicitante

Concello da Pobra do Caramiñal

Rúa Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280